

MEMORIA 2025



Índice

Saúda	02
Servizos	03
Programas	17
Investimentos	26
Para saber máis	28
Historias do día a día	34
Formación	35
Equipo humano	37
Persoas colaboradoras	39

Asociación ASPAS

Acompañando persoas, construíndo comunidade

SAÚDA

PRESIDENTA

O ano 2025 foi un ano de **consolidación e compromiso** para a Asociación ASPAS, no que continuamos afianzando servizos e reforzando apoios cun obxectivo claro: **mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias**.


Os nosos centros e programas foron **espazos de acompañamento, aprendizaxe e convivencia**, que favorecen a autonomía, a participación e a inclusión na comunidade, e permiten que cada persoa continúe construíndo o seu propio proxecto de vida cos apoios necesarios.

As familias seguen sendo un pilar fundamental en ASPAS. A súa implicación, confianza e colaboración constante lémbrennos a orixe desta asociación e **danlle sentido a todo o traballo que realizamos**. Ao longo de 2025 seguimos fomentando **espazos de encontro, escoita e apoio mutuo**, co convencemento de que **só camiñando xuntas e xuntos podemos responder ás necesidades reais** das persoas.

Quero salientar **o compromiso e a profesionalidade do equipo humano**, así como a colaboración das persoas voluntarias e das entidades que nos acompañan, grazas ás cales foi posible desenvolver as actividades recollidas nesta memoria.

Esta Memoria 2025 recolle o esforzo colectivo de todas as persoas que cren nunha sociedade máis xusta e inclusiva.

Como presidenta de ASPAS, **renovo o meu compromiso de seguir traballando con responsabilidade, proximidade e transparencia**, sempre ao lado das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.



***As familias somos a orixe e o motor de ASPAS,
creadora de oportunidades
para as persoas con discapacidade intelectual***

SERVIZOS

A Asociación ASPAS ofrece distintos servizos dirixidos a **persoas adultas con discapacidade intelectual e ás súas familias**, e proporciona apoios adaptados ás necesidades de cada etapa da vida adulta.

A través dos seus centros e programas, ASPAS traballa para **favorecer a autonomía, a participación e a inclusión na comunidade**, e ofrece espazos de referencia onde as persoas poden desenvolverse e manter unha boa calidade de vida.

CENTRO OCUPACIONAL

O centro ocupacional está formado por cinco talleres que lles presta un servizo de terapia ocupacional e de axuste persoal e social a **66 persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos**.

Taller de Manipulado

Neste taller realízanse actividades relacionadas coa **manipulación, montaxe e preparación de diferentes produtos**, como carpetas, calendarios, trípticos e outros materiais.

As tarefas que se desenvolven favorecen a adquisición de **habilidades manuais, hábitos de traballo e o seguimento de instrucións**, e promoven a responsabilidade e a constancia no labor diario.

	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	1	11
XORNADA PARCIAL	1	4



Taller de Cestaría

O taller de cestaría dedícase á **elaboración de produtos artesanais de vimbio**, destinados tanto a particulares como a comercios, feirantes...

A través desta actividade foméntase a creatividade, o traballo en equipo e o desenvolvemento de habilidades manuais, e refórzase a **autoestima e a satisfacción persoal** polo traballo realizado.



	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	-	11
XORNADA PARCIAL	2	3

Taller de Abelorios

Neste taller realízanse traballos de **bixutaría con diferentes tipos de abelorios**, e créanse pezas artesanais de forma individual e colectiva.

Así mesmo, elabóranse **artigos de resina epoxi e candeas artesanais**, como chaveiros, marcapáxinas, candeeiros e outros elementos decorativos, e desenvólvese a creatividade, a precisión e a atención ao detalle.



	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	-	10
XORNADA PARCIAL	2	2



Taller de Pezas

A actividade principal deste taller é o **empaquetado, retractilado e etiquetado de enchufes e interruptores eléctricos**.

A través destas tarefas favorécese a adquisición de **rutinas de traballo, organización, responsabilidade e constancia**, e refórzanse hábitos laborais e o traballo estruturado.



	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	1	12
XORNADA PARCIAL		4

Taller de Xardinaría

Este taller céntrase na **realización de tarefas de mantemento e conservación de zonas verdes da entidade**, así como no cultivo de hortalizas.

O traballo ao aire libre favorece o desenvolvemento de habilidades físicas, a adquisición de hábitos saudables e o respecto polo ambiente, ademáis de promover o benestar persoal.



	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	2	12
XORNADA PARCIAL	-	1





CENTRO DE DÍA

Unidade de Atención Personalizada (UAP)

O centro de día, UAP, atende **persoas con discapacidade intelectual con maiores necesidades de apoio**, e dalles unha atención individualizada e continuada, axustando os apoios ás necesidades de cada persoa e promovendo a súa participación activa no día a día.

O **obxectivo principal** do servizo é **mellorar o benestar e a calidade de vida** das persoas usuarias, e ofrecerlles oportunidades de participación, estimulación e relación social.

Ao longo do ano desenvólvese unha **ampla oferta de actividades**, entre as que destacan **faladoiros, talleres de plantas, actividades artísticas e musicais, talleres de merendas creativas, comunicación, estimulación sensorial e relaxación**, así como a **participación nas festas** do Centro Residencial Juan Vidán Torres.



Unha das principais actividades do centro de día son as **saídas á comunidade**, fundamentais para a aprendizaxe e a inclusión social.

Realízanse compras de material para as actividades, visitas culturais, paseos, pícnicos en contornos naturais e saídas á praia, e favorécese a participación activa e o contacto coa contorna.



Actualmente, no centro de día traballan nove profesionais que prestan apoios individualizados, e favorécese a autonomía, a comunicación e a participación na vida do centro e na comunidade.

	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	9	30


Este ano lamentamos profundamente o falecemento de José Antonio Canosa Silveira, quen compartiu a súa vida connosco durante 44 anos.



Por outra banda, dámoslle a **benvida a Brais, Álvaro e Alejandro**, que se incorporan ao centro de día, e inician unha nova etapa de convivencia, aprendizaxe e participación xunto ao resto do grupo.



Servizo de Terapia Ocupacional



O Servizo de Terapia Ocupacional traballa para **favorecer a autonomía e a participación das persoas usuarias** mediante intervencións individuais e en grupo.

As **sesións en grupo** centráronse en áreas como o **uso funcional das novas tecnoloxías**, a través de talleres de TIC, e no **traballo do equilibrio**, co obxecto de mellorar o **control postural e a marcha** para unha participación segura nas actividades cotiás e a prevención de caídas.

A través do traballo en **sesións individuais** abordouse o **adestramento funcional**, o **uso de axudas técnicas** e a **adaptación da contorna**, para favorecer a autonomía persoal e a participación das persoas nas actividades significativas da vida diaria.





Servizo de Logopedia



Durante o ano 2025, a entidade contou cun **Servizo de Logopedia**, grazas aos programas de cooperación da Xunta de Galicia, **orientado a facilitar e mellorar a comunicación das persoas usuarias**, que traballou de forma coordinada con elas, os seus compañeiros/as, os profesionais e o entorno.

A intervención centrouse principalmente no **uso de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación**, como o sistema bimodal –empregando palabras clave da lingua de signos española– con persoas sen linguaxe oral ou con perda auditiva, para favorecer a expresión de necesidades, emocións e rutinas diarias.

Traballouse con **comunicadores de pictogramas**, tanto de alta como de baixa tecnoloxía, que promoven a autonomía comunicativa en contextos cotiáns e comunitarios.



Formación en achegamento á lingua de signos

Co fin de fomentar unha comunicación efectiva, realizáronse **talleres formativos dirixidos ás persoas usuarias, profesionais e familias**, para impulsar unha contorna accesible e comprensiva.

Así mesmo, elaboráronse e difundíronse **dicionarios de comunicación** personalizados para algunhas persoas usuarias, que lles facilitan a comprensión dos signos propios que empregan.



SERVIZOS COMÚNS

Os servizos comúns complementan a atención que se presta nos distintos centros de ASPAS, **facilitan o día a día, promoven o benestar e mellora a calidade de vida** das persoas usuarias.

Estes servizos intégranse na rutina diaria dos centros e **dan resposta a necesidades básicas, formativas e sociais**, de modo que contribúen a unha atención continuada e coordinada.

SERVIZO DE COMEDOR



O servizo de comedor ofrece unha **alimentación equilibrada e adaptada**, con **menús planificados pola nutricionista Luz Pardo**, para contribuír á saúde e ao benestar das persoas usuarias.

SERVIZO DE PODOLOXÍA



O servizo de podoloxía está dispoñible para as **persoas que o solicitan e desexan contratalo**, e proporciónalles atención profesional orientada ao coidado e benestar dos pés.

FORMACIÓN DE PERSOAS ADULTAS



O servizo de formación de persoas adultas ofrece un espazo de aprendizaxe continua no que as persoas usuarias **repasan e reforzan os coñecementos adquiridos durante a etapa escolar**, ao tempo que **incorporan novas aprendizaxes** adaptadas aos seus intereses e necesidades.

A través destas actividades, favorécese o desenvolvemento de habilidades cognitivas, comunicativas e sociais.

CLUB DE LECTURA



O club de lectura xera un espazo de lectura en formato fácil no que se fomenta a **comprensión lectora, a comunicación e a participación**.



VIVENDAS COMUNITARIAS

Nas vivendas comunitarias conviven **persoas adultas con discapacidade intelectual**, nun contorno de fogar que favorece a autonomía persoal e a convivencia.

As nosas vivendas están orientadas a apoiar a **aprendizaxe das actividades da vida diaria**, e promover hábitos domésticos, relacións sociais e a participación na comunidade, sempre desde o respecto á dignidade e ás decisións persoais.

As vivendas permanecen **abertas os 365 días do ano**.




Durante as fins de semana e días festivos, desenvólvense **actividades de lecer, talleres de cociña e saídas**, para favorecer o descanso, a convivencia e o gozo do tempo libre.



	PROFESIONAIS	PERSOAS USUARIAS
XORNADA COMPLETA	9	24
XORNADA PARCIAL	4	-



CENTRO RESIDENCIAL Juan Vidán Torres



O Centro Residencial Juan Vidán Torres ofrece un servizo de atención residencial dirixido a **35 persoas adultas con discapacidade intelectual**, e proporciónalles un contorno estable, seguro e de convivencia.

No centro desenvólvense as rutinas do día a día, **préstanse apoios axustados ás necesidades de cada persoa** e foméntase a autonomía persoal nas actividades cotiás.

Continúanse realizando actividades orientadas a mellorar o benestar, como **piscina terapéutica, terapia canina, ximnasia e baile**.



Este ano **potenciouse especialmente o gozo do lecer**, coa celebración de actividades e festividade de forma regular, como aniversarios, Entroido, magosto, festas de verán e Nadal, e a realización de polo menos unha actividade festiva mensual.



*Momentos compartidos que reforzan vínculos,
xeran ilusión e forman parte esencial da vida no centro.*

40 ANOS DE HISTORIA

Cómpre destacar especialmente a **celebración do 40 aniversario** do centro, conmemoración que se realizou no mes de novembro e que incluíu un **emotivo encontro con traballadoras e traballadores que formaron parte do primeiro equipo profesional do centro**, celebrado cunha pequena festa.



Neste ano **incrementáronse as saídas á comunidade** grazas ao apoio do equipo de lecer da entidade, e isto permitiu ampliar o número de actividades realizadas. Entre elas destacan, como xa é tradición, a participación no **desfile de Entroido da cidade**, así como **paseos, visitas culturais** e a **centros comerciais e saídas a contornos naturais**.



Un especial agradecemento ás traballadoras xubiladas que, de forma voluntaria, continúan acompañando e enriquecendo a vida diaria do centro.





ASPAS EMPREGO

Centro Especial de Empleo

ASPAS Empleo é o centro especial de emprego sen ánimo de lucro da Asociación ASPAS, creado co obxectivo de **xerar oportunidades laborais para persoas con discapacidade** que, por distintas razóns, non acceden ao emprego ordinario.

A través das súas distintas actividades produtivas, ASPAS Empleo favorece a **inserción laboral, o desenvolvemento de competencias profesionais e a adquisición de hábitos de traballo**, e contribúe á autonomía persoal e social das persoas traballadoras.

Durante 2025, o centro continuou consolidando as súas liñas de actividade, apostando por un modelo de **emprego estable, inclusivo e socialmente responsable** e reforzando o seu compromiso coa calidade e a mellora continua.

Na actualidade dedícase a 4 actividades:

XARDINARÍA

A actividade de xardinaría céntrase na **plantación, mantemento e conservación de zonas verdes**, realizando tarefas como poda, sega, roza, plantación de árbores e arbustos, fertilización e limpeza de parcelas.

Durante este ano, a actividade experimentou **un importante crecemento**, que **permitiu ampliar o cadro de persoal coa creación de tres novos postos de traballo**.

Este incremento foi posible grazas á sinatura de **novos contratos con comunidades de veciñanza** e á formalización dun **contrato coa empresa VIAQUA** para o mantemento de varias das súas zonas e a limpeza do río Sarela, que xerou un aumento significativo da carga de traballo.



Este crecemento consolida a **xardinaría como unha das principais liñas de actividade** de ASPAS Empleo, e **favorece a creación de emprego estable e inclusivo**.



Traballos realizados no río Sarela

Durante este ano desenvolvéronse **traballos de limpeza do leito e das marxes do río Sarela**, coa retirada de residuos e restos vexetais acumulados.



LAVANDARÍA



A actividade de lavandaría está dedicada ao **lavado, pasado de ferro e dobrado da roupa**, principalmente dos centros residenciais e servizos da Asociación ASPAS.

LIMPEZA



A actividade de limpeza céntrase no **mantemento e limpeza das instalacións dos centros de ASPAS**, e contribúe ao coidado dos espazos e ao benestar das persoas usuarias e persoal profesional.

MANTEMENTO DO CENTRO DE RAZAS EQUINAS AUTÓCTONAS DE GALICIA (CREAG)



Realízanse tarefas de mantemento e coidado das instalacións, así como labores relacionados co coidado dos animais e do contorno.



SISTEMA DE CALIDADE



Durante 2025, ASPAS Emprego mantivo o seu compromiso coa **calidade e a mellora continua**, e consolidou os sistemas de traballo implantados nos últimos anos.

O centro conta coa certificación das **normas ISO 9001:2015**, relativa á xestión da calidade, e **ISO 14001:2015**, centrada na xestión ambiental, o que avala un modelo de funcionamento orientado á **eficiencia, á responsabilidade ambiental e á mellora permanente dos servizos**.

Estas certificacións reflicten o esforzo constante por ofrecer servizos de calidade, respectuosos co ambiente e socialmente responsables, e reforzan a confianza da clientela, das entidades colaboradoras e da propia Asociación ASPAS.



FORMACIÓN DO PERSOAL PROFESIONAL

Durante o ano 2025, as PROFESIONAIS de ASPAS Emprego continuaron participando en **accións formativas orientadas á mellora das competencias profesionais e á calidade do servizo**.

Ao longo do ano realizáronse **formacións específicas**, tanto de grupo como individuais, relacionadas coa **seguridade e saúde laboral e coa mellora dos procesos de traballo**, que reforzaron a profesionalización do centro e a atención prestada.

A formación continua é unha ferramenta **clave para garantir servizos eficientes, seguros e adaptados** e forma parte do compromiso de ASPAS Emprego coa mellora continua.

Os cursos realizados durante o ano 2025 foron os seguintes:

DEPARTAMENTO	CURSO	N ° ASISTENTES
XARDINARÍA	TÉCNICAS SEGURAS DE PODA E RUBIR EN ALTURA	1
XARDINARÍA	CURSO DE USO E MANEXO DE MOTOSERRA	7
XARDINARÍA	OPERADOR DE PLATAFORMA ELEVADORA (UNE 58923) E USO DE ESCADA	4
LIMPEZA	MELLORA NOS PROCESOS DE LIMPEZA	3
LIMPEZA	OPERADOR DE PLATAFORMA ELEVADORA (UNE 58923) E USO DE ESCADA	1
MANTEMENTO CREAG	OPERADOR DE CARRETAS ELEVADORAS	1
TODOS OS DEPARTAMENTOS	CHARLA INFORMATIVA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	24

O cadro de persoal de ASPAS Emprego está formado por 26 persoas traballadoras, cuxo compromiso e profesionalidade fan posible o desenvolvemento das distintas actividades do centro.



PROGRAMAS

PROGRAMA DE LECER, DEPORTES E VOLUNTARIADO



Este programa ten como obxectivo **facilitar os apoios necesarios para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a participación activa na comunidade** das persoas con discapacidade intelectual, a través do lecer, o deporte e o voluntariado.

O programa conta coa **participación de 97 persoas**, maioritariamente persoas usuarias do **centro de día e do centro ocupacional (90)**, ademais de **4 persoas da Residencia Juan Vidán Torres e 3 participantes externas**.

ACTIVIDADE	Nº PARTICIPANTES
CLUB DE OCIO	43
CLASES DE BAILE	45
CLASES DE BATUCADA	27
XIMNASIO	50
SAÍDAS A PASEAR	53
FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7 CALO	26
CICLISMO	9
NATACIÓN	45
RUGBY	13
PETANCA	23

ACTIVIDADES DE LECER

As actividades de lecer **desenvólvense na comunidade**, e promoven a participación social, a autonomía persoal e as relacións significativas en contornos normalizados.



Durante o ano 2025 destacan a **participación en exposicións e actividades da Cidade da Cultura**, propostas de **museos e centros socioculturais** de Santiago de Compostela, **visitas educativas** como a Ecogranxa da Atalaia e a realización de campamentos de verán.



Talleres impartidos por mulleres Pandeireteiras



Visitas a exposicións e museos



Actividades da Cidade da Cultura



Campamentos de verán



Gala do 25 aniversario de Special Olympics Galicia

Un grupo de deportistas da entidade participa na Gala do 25 aniversario de Special Olympics Galicia, entidade referente en inclusión e participación.



***25 anos demostrando
que o deporte une, inclúe e transforma vidas.***



ACTIVIDADES DE DEPORTE

O programa deportivo **fomenta os hábitos de vida saudables, a participación activa e o traballo en equipo** a través da práctica regular de diferentes modalidades deportivas, como o baloncesto ou fútbol 7, entre outras.



FÚTBOL SALA



FÚTBOL VETERANOS



CICLISMO



NATACIÓN




RUGBY



PETANCA



ACTIVIDADES NO XIMNASIO



VOLUNTARIADO



O programa de voluntariado baséase na **participación altruísta de persoas** que comparten o seu tempo en actividades de lecer e deporte xunto a persoas con discapacidade intelectual.



GRAZAS

ás persoas voluntarias, que co seu compromiso contribúen a construír unha sociedade máis inclusiva.



SERVIZO DE FAMILIAS

O Servizo de Familias ten como obxectivo **apoiar e acompañar as familias da entidade**, e ofrecenlles orientación e asesoramento sobre os recursos dispoñibles cando o precisen.

Grupo de Familias




Durante o ano continuouse co **grupo de familias**, formado por unhas **20 persoas** –nais, pais, irmás, irmáns e outros membros da familia– que se reúnen mensualmente para tratar temas de interese como a Lei de dependencia, os servizos da entidade ou a sexualidade.

Como actividade destacada, no mes de decembro realizouse un **encontro co grupo de familias da asociación Aspnaís (Lugo)**, que permitiu compartir experiencias e coñecer os seus centros e servizos.



VISITAMOS ASPNAIS!



Formar parte do grupo fortalece os lazos entre familias, crea apoio mutuo e recórdanos que compartir experiencias nos fai sentir acompañadas e máis fortes.



O musical ***Peter Volamos!!!*** continúa a súa traxectoria como proxecto de teatro inclusivo. Ensaia semanalmente e promove a participación de persoas con e sen discapacidade.

Trátase dun **musical aberto e diverso**, no que **todas as persoas teñen cabida**, con ou sen discapacidade, independentemente da idade ou do xénero, e fomenta a participación, a creatividade e o traballo en equipo.

O proxecto conta con **48 actores e actrices con discapacidade intelectual** e coa participación voluntaria de músicos, bailarinas, dirección, realización, equipo técnico, familias e profesionais.

Durante o **ano 2025 realizáronse dúas representacións** do musical, que permitiron achegar o teatro inclusivo a distintos públicos e reforzar o seu impacto comunitario.



Sábado 11 de xaneiro no Auditorio de Cangas do Morrazo,
cun público de máis de 500 persoas.



Sábado, 20 de setembro, no Pazo da Cultura de Narón,
cun público de máis de 700 persoas.



RESPIRO FAMILIAR ASPAS

Programa de estancia temporal dirixido a ofrecerlles apoio ás familias na atención á persoa con discapacidade intelectual para favorecer a conciliación familiar e darlles resposta a situacións de emerxencia familiar.

Durante o ano programáronse **16 quendas de respiro familiar**, e aténdese a demanda de **50 familias**.



OS AUTOXESTORES

Facemos oír a nosa voz

O grupo de autoxestores **aprende a tomar as súas propias decisións** e reúne de forma periódica para debater temas diversos, compartir experiencias de vida e pedir consellos e opinións.

Durante o ano 2025, impartiron **tres charlas en institutos**, que lle achegaron ao alumnado a realidade da discapacidade intelectual desde a experiencia directa. Ademais, realizaron unha **visita de encontro e intercambio** co grupo de **autoxestores de Aspadisi**, no Carballiño, para favorecer a aprendizaxe compartida e a creación de redes.





GRUPOS DE FALAR

Os grupos de falar son **espazos quincenais de encontro para persoas con discapacidade intelectual**.

Nestas sesións **compártense temas de actualidade, experiencias persoais e situacións do día a día**.

Estes grupos teñen como **obxectivo principal mellorar as habilidades sociais** e favorece a expresión, a escoita, a comunicación, a comprensión das demais persoas e a construción de relacións saudables.

Durante o ano 2025, ademais das sesións habituais, realizáronse saídas comunitarias propostas polas propias persoas participantes, como a **visita ao Museo de Rande, ao Centro Comercial Vialia Vigo, ao Museo de Historia Natural e ao parque de Vista Alegre**.



Espazos de participación: familias, autoxestores e grupos de falar

Desde a Asociación ASPAS **animamos a todas as persoas e familias a participar e a seguir formando parte destes espazos de encontro e apoio mutuo**, esenciais para o benestar, a autonomía e a participación activa das persoas con discapacidade intelectual.

Os **grupos de familias, autoxestores e grupos de falar** favorecen o intercambio de experiencias, a expresión de opinións e o fomento da participación na asociación.

A Presidencia e a Xunta Directiva agradecen o interese e a implicación de todas as persoas participantes, así como o compromiso das familias, das PROFESIONAIS e do voluntariado, fundamentais para a continuidade destes espazos.



INVESTIMENTOS

Durante o ano 2025, a Asociación ASPAS realizou diversos **investimentos destinados á mellora das instalacións, á renovación de equipamentos e á optimización dos servizos.**

Entre os principais investimentos realizados destacan:

EN EQUIPAMENTO

Adquiríronse:

- Armarios para a zona de obradoiros e o centro de día.
- Maquinaria diversa para a actividade de xardinaría, como rozadoras, motoserras e sopradores.
- Maquinaria e material de limpeza, como aspiradora, fregadora e carros de limpeza.
- Material variado para terapia ocupacional.
- Plataforma elevadora eléctrica e escadas de seguridade.

Equipamento adquirido grazas á colaboración da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia

BOMBAS DE ALTA TEMPERATURA

Instaláronse tres bombas de calor de alta temperatura que permiten xerar calefacción e auga quente sanitaria, e substituíuse a caldeira de gasóleo por un sistema máis sostible e eficiente.



VEHÍCULO ELÉCTRICO

Adquiriuse un segundo vehículo eléctrico destinado a apoiar as actividades comunitarias, optimizar os desprazamentos e promover unha mobilidade sostible.



Investimentos financiados con cargo ao 0,7 % do IRPF da Xunta de Galicia e coa colaboración da Fundación ONCE

BATERÍAS DE ALMACENAMIENTO DE ENERXÍA

As baterías de almacenamento permiten gardar a enerxía que xeramos coas placas solares para utilizala cando é necesaria, melloran a eficiencia enerxética e reducen o consumo da rede.



Equipamento subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e pola Xunta de Galicia

FURGÓN CON REMOLQUE



O furgón con remolque permite mellorar o desenvolvemento das actividades de xardinaría e facilita o transporte da maquinaria e das ferramentas necesarias para a realización dos traballos no contorno comunitario.

Equipamento subvencionado pola Xunta de Galicia e pola Fundación ONCE



ADQUISICIÓN DE PARCELA EN SAN MARCOS

Adquiriuse unha parcela de 1.600 metros en San Marcos, destinada á futura construción dunha vivenda comunitaria de 30 prazas.

Este investimento reforza o compromiso da entidade coa ampliación dos recursos residenciais e coa provisión de apoios estables e adaptados.



MELLORAS NOS CENTROS

MELLORAS NA RESIDENCIA "JUAN VIDÁN TORRES"

Realizáronse diversas melloras, tanto de equipamento como de obras:

- Colocouse **solo vinílico nos dormitorios** pendentes.
- Así mesmo, realizáronse traballos de **reparación do tellado** na zona de almacéns.
- **Pintáronse os patios interiores** dos dormitorios.
- Por último, adquiriuse novo equipamento para o uso diario, como unha **lavadora doméstica** para lavados pequenos e unha cadeira de pesar para as persoas usuarias.

AMPLIACIÓN DO SOPORTAL CUBERTO ATA AS VIVENDAS

Realizouse a ampliación dun **soportal que cobre a distancia entre os obradoiros do centro ocupacional e as vivendas**, co obxectivo de garantir o tránsito cuberto entre ambos os espazos.



DESFILE DE ENTROIDO

Lord of the ASPAS



Un ano máis, ASPAS participou no desfile de Entroido da cidade, mergullándose de novo no mundo da fantasía. Nesta ocasión, a comparsa inspirouse en *O Señor dos aneis*, e recreou a épica aventura de Frodo e Sam xunto coa comitiva dos gardiáns do anel, a ameaza dos orcos e a batalla final que culmina coa destrución do anel e o regreso á aldea hobbit.

A comparsa estivo formada por 107 persoas e reflectiu unha vez máis a participación activa, a creatividade compartida e o espírito comunitario que nos caracteriza.





Rally Paris-Dakar de comparsas en NOIA

Participamos no desfile de comparsas de Noia, e fomos premiados na categoría de grupos pola creatividade e a posta en escena.





O Camiño de Santiago

Camiño Inglés (Ferrol a Compostela)



Baixo o lema "**Pasiño a pasião... acadando metas**", ASPAS realizou o Camiño de Santiago polo **camiño Inglés**, desde Ferrol ata Compostela.

Ao longo de sete etapas, realizadas entre os meses de abril e maio, as persoas participantes **percorreron 113 km**, nun ambiente de convivencia, inclusión e compañerismo.

En cada etapa fóronse incorporando novos camiñantes, de modo que chegaron a compartir esta experiencia máis de 80 persoas e acadouse un máximo de **máis de 150 participantes** na xornada final.

Como xa é tradición, a chegada a Santiago celebrouse cunha boa polbada na Carballeira de San Lourenzo.



CONVIVENCIA DE FAMILIAS



O sábado, 21 de xuño de 2025, celebramos a **XVIII Convivencia de Familias de Asociación ASPAS**, retómase esta xornada tan especial despois de varios anos sen gozar dela, desde 2019. O encontro reuniu máis de 200 participantes, entre persoas con discapacidade intelectual, familias, persoas socias, voluntariado e profesionais, nun espazo de convivencia, celebración e comunidade.

A xornada contou con música, animación e actividades festivas, así como cunha comida compartida e a visita ao posto de produtos elaborados nos obradoiros ocupacionais.

Un dos momentos máis emotivos foi a **homenaxe ás persoas con discapacidade intelectual que fixeron 30 anos na entidade**, na que se recoñeceu o seu percorrido vital e o seu vínculo con Asociación ASPAS.

Desde a asociación queremos expresar un **agradecemento especial á comisión de familias organizadoras**, polo seu traballo, dedicación e implicación para facer posible a recuperación desta convivencia tan significativa para toda a comunidade ASPAS.



30 anos compartindo vida





COMO COMPOSTELANOS COMPROMETIDOS

Participamos no BANQUETE DE CONXO

Seguimos **participando activamente na vida social e cultural de Santiago de Compostela**. En 2025, volvemos formar parte dos actos do Banquete de Conxo, unha celebración histórica que promove os valores de igualdade, convivencia e participación.

A asociación participou no desfile teatral ***Ala van estudantes e artesáns***, desde a Praza do Toural ata Conxo, que reforzou o compromiso de ASPAS coa inclusión e coa visualización das persoas con discapacidade intelectual como parte activa da sociedade compostelá.





CAMPAÑA

12 COMERCIOS, 12 SENSIBILIDADES



A campaña **12 comercios, 12 sensibilidades** é unha iniciativa de sensibilización social que conecta **comercios locais de Santiago de Compostela** con entidades sociais, co obxectivo de darlle visibilidade ao seu labor, fomentar a inclusión e promover o comercio de proximidade a través de actividades abertas á cidadanía.

Cada mes, a campaña dedícaselle a unha entidade social da cidade, que se converte en protagonista a través da colaboración cun comercio local.



MES DE NOVIEMBRE DEDICADO A Asociación ASPAS E Óptica AVAL

Óptica Val e a Asociación ASPAS suman esforzos para **facer visible a inclusión, a diversidade e o valor das capacidades de todas as persoas.**



Porque cando miramos coa mirada da inclusión... todo se ve mellor

As actividades realizadas incluíron a instalación dunha **exposición de paneis e fotografías** no local da Óptica Val, visitable durante todo o mes, que recolle a traxectoria da Asociación ASPAS e amosa, a través de imaxes do día a día, as actividades e o traballo que se desenvolve na entidade.

Así mesmo, **cada venres leváronse a cabo obradoiros abertos ao público** –abelorios, cestaría e produción de xabóns– xunto coa **exposición e venda de produtos** elaborados nos talleres ocupacionais.

Como peche da programación, realizouse unha **actuación do grupo de batucada de ASPAS** na Praza Roxa, que lle puxo o broche final a unha iniciativa de sensibilización e inclusión na comunidade.



HISTORIAS DO DÍA A DÍA

Melloras nos espazos

As persoas usuarias e os profesionais do taller de xardinaría realizaron o pintado e a sinalización das prazas de aparcamento, para mellorar a accesibilidade, a seguridade e a optimización do espazo.



ASPAS participa en feiras e mercados tradicionais

O taller de abelorios participa en feiras e mercados tradicionais, dálles visibilidade aos produtos elaborados e ao traballo das persoas usuarias.

Destacan a **Feira Medieval de Noia e Negreira**, a festa de **Santa Minia**, o **Mercado de Nadal** en Area Central e a continuidade do posto semanal na **Praza de Abastos de Santiago**.



Creando xuntas: arte, inclusión e convivencia

Participamos na actividade inclusiva organizada pola Eurofirms Foundation, na que persoas con e sen discapacidade compartiron un espazo creativo e realizaron un graffiti conxunto.





FORMACIÓN

As persoas con discapacidade intelectual fórmanse en:

FORMACIÓN EN SEGURIDADE VIARIA



Impartida pola Policía Local de Santiago, combinou unha sesión teórica e outra práctica.

TALLER de educación afectivo-sexual

23, 24 e 30 de xuño
1 de xullo, no Salón



SENTIR CON-SENTIDO



Porque todas as persoas temos dereito a sentir con sentido, a coñecernos mellor e a vivir as nosas emocións con liberdade e respecto.

FORMACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS



Un grupo de persoas con discapacidade intelectual de ASPAS participou na formación en competencias dixitais básicas, organizada pola Fundación ONCE.

Esta formación estivo orientada a mellorar a autonomía dixital, o uso do móbil, a seguridade nas redes sociais e o coñecemento das novas tecnoloxías.

O persoal profesional da asociación continúa formándose, asistindo a cursos e xornadas tanto de maneira individual como en grupo.

VIRADA EQUIPOS 2025



Participan 5 profesionais

Cinco profesionais da entidade participan na formación impartida por Algalia e Epe Fundazioa, xunto a outras entidades do sector.

Formación orientada a reforzar o traballo en equipo e a dotar de ferramentas para afrontar os retos organizativos e de coordinación do futuro.

LENGUA DE SIGNOS



Participan máis de 35 profesionais

O equipo profesional recibiu unha formación básica de achegamento á lingua de signos, impartida pola logopeda da entidade e por unha alumna en prácticas do FP en Mediación Comunicativa, co obxectivo de mellorar a comunicación accesible e a calidade dos apoios ofrecidos.

CURSO TÉCNICAS DE LIMPEZA



Participan 11 PROFESIONAIS

O persoal profesional das vivendas comunitarias formouse en limpeza profesional, e reforzou así coñecementos sobre as técnicas, os produtos e a organización das tarefas. Esta formación contribúe a mellorar a seguridade, a calidade do servizo e os procedementos de limpeza.

PROGRAMA AVICENA




Participan 23 profesionais

Trinta profesionais participaron na formación do programa AVICENA, centrada na redución do uso de psicofármacos nas persoas con discapacidade intelectual.

Esta formación enmárcase nun estudo de ámbito estatal e terá continuidade en 2026.

EQUIPO HUMANO

O equipo humano de ASPAS está formado por:



	ASOCIACIÓN
PRESIDENTA	1
XUNTA DIRECTIVA	8
GRUPO APOIO	4
TOTAL	13



VOLUNTARIOS/AS	20
----------------	----



	PERSOAS USUARIAS	PERSOAL PROFESIONAL
CENTRO OCUPACIONAL	42	7
CENTRO DE DÍA (UAP)	30	9
RESIDENCIA JUAN VIDÁN TORRES	35	52
VIVENDAS COMUNITARIAS	24	14
PERSOAL COMÚN	-	17
TOTAL	131	99

Distribución das PROFESIONAIS en cada centro:

	Nº	C.O (1)	UAP (2)	J.V.T (3)	V.V (4)
XERENTE	1	●	●	●	●
ADMINISTRATIVAS*	3	●	●	●	●
RESP. CALIDADE	1	●	●	●	●
DIR. RESIDENCIA PSICÓLOGA	1			●	
PSICÓLOGO	1	●	●		●
TRAB. SOCIAL	1	●	●	●	●
MÉDICO*	1			●	
FISIOTERAPEUTA	1			●	
TERAPEUTA OCUPACIONAL*	1	●	●	●	●
LOGOPEDA*	1	●	●	●	●
MONITORES/AS*	3	●	●	●	●
TEC. DEPORTIVO*	2	●	●	●	●
ENCARGADOS/AS DE TALLER*	4	●	●	●	●
COIDADORES/AS*	62	●	●	●	●
MANTEMENTO	2	●	●	●	●
COCIÑA*	5	●	●	●	●
LIMPEZA*	9	●	●	●	●
TOTAL	99				

(1) CENTRO OCUPACIONAL
 (2) CENTRO DE DÍA
 (3) CENTRO RESIDENCIAL JUAN VIDÁN TORRES
 (4) VIVENDAS COMUNITARIAS

*PERSONAL A TEMPO PARCIAL E/OU CON REDUCCIÓN DE XORNADA



Colaboradores



Asociación ASPAS

Rúa Sta. Teresa de Jornet, 19
15890 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 582 050
aspas@asociacionaspas.org

Centro Ocupacional, centro de día
e Viviendas Comunitarias

Rúa Sta. Teresa de Jornet, 19
15890 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 582 050

Centro Residencial
Juan Vidán Torres

Rúa Xunlla, 2
15895 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 537 486 / 981 537 223

ASPAS EMPREGO

Rúa Sta. Teresa de Jornet, 19
15890 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 582 050
aspasemprego@asociacionaspas.org



SÍGUENOS!

